## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 23 DE MARZO DE 2007.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas e vinte minutos do día vinte e tres de marzo do ano dous mil sete, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local baixo a presidencia do alcalde-presidente, D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia dos tenentes de alcalde, D. Moisés Rivadulla Fernández e Dna. Margarida Corral Sánchez. Non asiste, con escusa, o concelleiro D. Evaristo Deus Deus. Asiste tamén a interventora, Dna. Vanessa García Barreiro. Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, REALIZADA O DÍA 16.03.07

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria realizada o día 16.03.2007.

### 2.- BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL INTERINA, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, DE UN/UNHA ARQUITECTO/A TÉCNICO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación as bases que rexerán a contratación laboral interina, mediante oposición libre, dunha praza de arquitecto/a técnico, segundo texto obrante no expediente.

A sra. Corral Sánchez di que en canto ás bases quere facer constar unha vez máis que o Concello de Mugardos asumiu o compromiso da transversalidade, tal e como recolle o actual II Plan de Igualdade, moitvo polo cal cada un dos departamentos debe empregar unha linguaxe non sexista, en todos aqueles documentos emitidos polo Concello. Dado que se está a remitir a redacción das bases ao departamento de Servizos Sociais, solicita que sexa responsabilidade de cada un dos departamentos a redacción utilizando unha linguaxe neutra. É como se polo feito de contar cunha normalizadora lingüística se lle achegaran as bases en español para que esta as redactara en galego.

O secretario expón que as bases fixéronse en Secretaría e en español non están, outra cousa é que non se revisasen e houbese apartados non adecuados pero outros si que o estaban; que sería bo que houbese alguén a quen puidesen enviarse, incluso as actas, para adecualas.

A sra. Corral Sánchez reitera que debe ser cada departamento o que adecúe a documentación e só se hai dúbidas que se manden á técnica.

### 3.- EXENCIÓNS E/OU BONIFICACIÓNS NAS TAXAS MUNICIPAIS DE AUGA,

**LIXO E SUMIDOIROS.**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o ditame da comisión informativa de Asuntos Sociais, Muller e Sanidade, por unanimidade, acorda:

1.- Conceder a exención no pago das Taxas de Auga, Lixo e Sumidoiros, á relación de unidades familiares achegadas no anexo I, sendo un total de 74 solicitudes, comezando en dona María Allegue Fernández e rematando en dona Mª Virtudes Uría Lorenzo.

2.- Conceder a bonificación do 25% no pago das Taxas de Auga, Lixo e Sumidoiros, á relación de unidades familiares achegadas no anexo I, sendo un total de 1 solicitudes a don Antonio Barros Silvar.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e trinta minutos do día ao comezo sinalado, o sr. Alcalde levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario da corporación, dou fe.

Vº. e prace

O ALCALDE